

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 21 de decembro de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 18 de maio de 2010, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres e se procede á súa convocatoria (Diario Oficial de Galicia número 96, do 24 de maio de 2010).

De conformidade co disposto no artigo 15º.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 16º da Resolución do 18 de maio de 2010 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres e se procede á súa convocatoria, procédese á publicación das subvencións concedidas ao abeiro da citada Resolución do 18 de maio de 2010.

Finalidade da axuda: estas axudas teñen como finalidade fortalecer e consolidar o movemento asociativo de mulleres, por ser un elemento indispensable na promoción da igualdade de oportunidades, establecendo unha liña de apoio ao seu mantemento e funcionamento.

Norma reguladora: Resolución do 18 de maio de 2010 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres e se procede á súa convocatoria.

Crédito orzamentario: 91.803 euros.

Partida orzamentaria: 04.40.313B.480.0.

Entidades beneficiarias da subvención e importe concedido a cada unha delas: ver anexo.

A Coruña, 21 de decembro de 2010.

Ana Lado Eiriz
Xefa territorial da Coruña

ANEXO Subvencións concedidas

Crédito asignado: 79.565,75 €

CIF	Entidade	Importes
G15133333	Asociación Mulleres Progresistas Alba	6.000,00 €
G15901176	Asociación Mulleres Rurais Amurusa	3.150,00 €
G15918600	Asociación Teenses pola Igualdade	5.085,00 €
G15945686	Asociación Labregas	5.400,00 €
G70196829	Asociación Mulleres de Camariñas pola Igualdade	1.035,00 €
G70159447	Asociación Mulleres en Igualdade de Ferrol	6.000,00 €

CIF	Entidade	Importes
G70101647	Fademur (Federación de Asociacións Mulleres Rurais de Galicia)	5.719,50 €
G70090519	Asociación Mulleres Xuntanza	1.386,45 €
G70127154	Asociación de Mulleres Val do Beelle	2.400,00 €
G70168182	Asociación de Mulleres en Igualdade Santa Lucía	6.000,00 €
G70223417	Acadar. Asociación de Mulleres con Discapacidade Galicia	4.609,80 €
G70239397	Asociación Rural Mulleres Emprendedoras Arume	3.330,00 €
G15117369	Asociación de Viudas Rosalía de Castro	6.000,00 €
G15409535	Federación Galega de Mulleres Rurais (Fegamur)	6.000,00 €
G15870777	Asociación de Mulleres Rurais Carballeira	2.900,00 €
G15830375	Asociación Cultural Mulleres O Cantón	1.800,00 €
G15932825	Asociación Mulleres Rurais Arume	1.350,00 €
G15851223	Asociación Familias y Mujeres Medio Rural (Afammer)	5.400,00 €
G15673536	Asociación Mulleres pola Igualdade	4.000,00 €
G15541089	Asociación de Mulleres Rurais Liñafail	2.000,00 €

Resolución do 29 de decembro de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se convoca e se regula para o ano 2011 o programa de axudas para a participación en actividades de campamentos e campos de traballo dirixidos a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos e que residan no exterior.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no título preliminar, no seu artigo 7º, o dereito das comunidades galegas de fóra de Galicia a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.

A Secretaría Xeral da Emigración, segundo o disposto no Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, é o órgano da Administración da comunidade autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegüidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior así como a programación de actividades dirixidas á promoción e difusión da cultura galega e ao recoñecemento da realidade actual de Galicia no exterior.

A Secretaría Xeral da Emigración ten como un dos seus obxectivos promover a participación da colectividade galega no exterior na nosa vida cultural e social, o desenvolvemento de actividades culturais, de accións solidarias e tempo libre dirixidas á xuventude do exterior, así como o fomento da participación dos mozos e mozas descendentes de galegos nos programas e servizos a favor da xuventude.

Para acadar esta finalidade cóntase coa colaboración da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a través da súa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Para a realización de todas estas funcións, a Secretaría Xeral da Emigración conta con distintas liñas

de axudas e subvencións baseadas nos principios de publicidade e concorrência, segundo os criterios establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con cargo aos fondos públicos.

A disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, desconcentra no secretario xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

En virtude do exposto e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, naqueles preceptos que sexan básicos, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na normativa que a desenvolve, logo do informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada deste órgano,

RESOLVO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta resolución ten por obxecto convocar as axudas correspondentes ao programa de actividades de campamentos e campos de traballo para o ano 2011, que ten por finalidade facilitar á mocidade da Galicia exterior o contacto coa realidade galega e o encontro cos seus familiares e aprobar as bases polas que se rexirá esta convocatoria e que se insiren no anexo I. Esta resolución implica unha subvención en especie consistente no aloxamento nos campamentos ou residencias xuvenís, o traslado en parte ou na súa totalidade desde o seu país de orixe a Galicia e desde Galicia ao seu país de orixe, o traslado dos participantes desde o aeroporto de chegada en Galicia ata o albergue e o traslado desde o campamento ao aeroporto de regreso, segundo o disposto na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás o disposto no punto sete do artigo dous da resolución. A concesión destas axudas se rexerán polo disposto no artigo 19º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2º.-*Número de prazas convocadas e características.*

1. Actividades de campamento: convócanse 336 prazas en campamentos e albergues xuvenís situados en Galicia, dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, en quendas do mes de xullo e agosto. Estas prazas distribuiranse conforme o establecido no anexo II.

O programa desenvólvese en quendas diferentes con actividades tamén diferenciadas:

a) Na primeira quenda de xullo ten lugar a actividade Galiza: verde e azul, que busca proporcionar aos mozos e mozas de fóra de Galicia un mellor coñecemento da nosa terra; residirán os participantes -con idades comprendidas entre os 14 e os 17 anos- en dúas instalacións: seis días na zona de interior (no Camp. Xuv. Os Chacotes, Palas de Rei (Lugo) e seis días na zona de costa (no Albergue Xuvenil de Gandarío-Bergondo (A Coruña), permanecendo en tendas de campaña no primeiro caso e nun albergue, en cuartos compartidos, no segundo.

b) Na segunda quenda de xullo, ten lugar o Programa Rutas coñece Galicia, a través dunha actividade de campamento itinerante, residindo os participantes -con idades comprendidas entre os 14 e os 20 anos- en instalacións de tipo albergue ou residencia xuvenil en cuartos compartidos.

As instalacións están situadas nas distintas provincias galegas: en Lugo, a Residencia Xuvenil Eijo Garay; en Ourense, a R.X. Florentino López Cuevillas; en Vigo (Pontevedra), a R.X. Altamar, e en Bergondo (A Coruña), o Albergue Xuvenil de Gandarío.

c) De ser o caso, convocarase unha terceira quenda para solicitantes de países nos que o seu calendario escolar, non permita participar na primeira quenda do mes de xullo.

2. Campos de traballo: convócanse 40 prazas en campos de traballo situados en distintas localidades da Comunidade Autónoma galega, de acordo co disposto no anexo II, para participantes con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, en modalidades tales como: arqueoloxía, animación sociocultural, social, ambiental. Trátase de actividades de colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos na procura dun maior coñecemento da nosa cultura, da mellora ambiental do noso contorno e da recuperación do patrimonio cultural e arquitectónico. Ademais do traballo, ofrécese un programa con actividades de convivencia, de animación, de lecer e tempo libre.

Estas prazas distribuiranse entre todas as solicitudes admitidas, para os países mencionados no anexo III.

A distribución de prazas o seu número definitivo, a asignación de instalacións e as datas concretas de viaxe e estancia, adaptaranse as posibilidades e ao disposto na convocatoria do Programa Campaña Verán-2011 da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

3. A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, colabora na execución deste programa poñendo á disposición dos beneficiarios todos os servizos de aloxamento e manutención nos albergues xuvenís, campamentos e demais aloxamentos asignados, así como os

medios de desprazamento dos beneficiarios dos campamentos desde o aeroporto de chegada a Galicia ata o albergue xuvenil que lles sexa asignado, no caso das actividades de campamento.

4. A Secretaría Xeral da Emigración farase cargo do traslado dos participantes mediante o financiamento do 100% da metade das prazas convocadas e do 50% da outra metade, do custo dos billetes de transporte desde o seu lugar de orixe ata o aeroporto de destino en Galicia, e disporá os medios de desprazamento dos beneficiarios con retorno inmediato desde a instalación en que finalizan a actividade ata o aeroporto de saída. A tales efectos a secretaría organizará directamente a prestación destes servizos. As prazas convocadas para participantes residentes en Cuba serán financiados na súa totalidade.

No caso de que nalgunha das modalidades de participación previstas no anterior punto, non se cubriren a totalidade das prazas, podrán asignarse a outra modalidade ata esgotar o crédito previsto na convocatoria.

5. Os grupos procedentes daqueles países con máis de 20 participantes, viaxarán con acompañantes propostos polas delegacións da Xunta onde as houbera, e nos demais países serán propostos polas respectivas entidades colaboradoras previstas no artigo 3º.2 da convocatoria, coa conformidade dos pais ou titores dos menores.

6. Con carácter previo á realización da viaxe a Galicia, os mozos e mozas seleccionados asistirán ás sesións informativas que se realicen nos seus países de orixe, especificamente encamiñadas ao coñecemento da realidade galega en xeral e da actividade de campamento en particular. Tamén serán informados das súas obrigas respecto do cumprimento do réxime interno dos campamentos ou albergues en que serán aloxados.

7. Os participantes procedentes de España percibirán unha axuda de custo para a viaxe a Galicia por importe máximo de douscentos vinte e cinco euros (225 €), polo gasto realizado nun medio de transporte público e sempre en clase turista. No caso excepcional de utilizar un vehículo particular a contía para indemnizar será de 0,19 euros por quilómetro, ata o máximo previsto. De todos estes gastos os participantes deberán achegar a documentación xustificativa de conformidade co disposto nas bases desta convocatoria.

Artigo 3º.-Lugar, prazo de presentación de solicitudes e prazo de resolución.

1. As solicitudes presentaranse, xunto co resto da documentación, na Secretaría Xeral da Emigración, na Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires, na Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

co das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Poderán presentarse nas Consellerías de Traballo e Asuntos Sociais, nas seccións de Traballo e Asuntos Sociais das oficinas consulares, así como nos consulados ou seccións consulares das embaixadas correspondentes ao domicilio ou residencia do solicitante.

2. Para a presentación destas solicitudes os interesados poderán utilizar o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, de conformidade co Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se procede á creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán.

Os interesados que así o desexen, poderán dirixirse ás entidades colaboradoras que se sinalan a continuación, para a presentación telemática das súas solicitudes:

**En Brasil:*

-Peña Galega da Casa de España (Río de Janeiro).

-*Real Sociedade Española de Beneficencia* (Salvador-Bahía).

-*Sociedade Hispano Brasileira de Socorros Mutuos e Instrução* (São Paulo).

-*Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro* (Santos).

**En Venezuela:*

-Hermandad Gallega de Venezuela (Caracas).

**En Cuba:*

-Federación de Sociedades Galegas en Cuba.

A utilización desta vía requirirá unha autorización que o interesado lle outorga á persoa responsable da entidade colaboradora para que remita a súa solicitude por vía telemática. Esa autorización farase constar no modelo de solicitude.

3. As entidades galegas remitiranlle todas as solicitudes recibidas, xunto co resto da documentación, á Secretaría Xeral da Emigración nos catro días seguintes á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Este prazo só será ampliado logo de autorización da secretaría xeral.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dous meses contados desde o día seguinte ao da data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

5. Prazo de resolución.

Unha vez presentadas as solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento

establecido nas bases reguladoras. O prazo máximo para resolver será de cinco meses que comezará contado desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido nos artigo 23º.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás o disposto no punto 2 do artigo 4º das bases reguladoras.

Artigo 4º.-Financiamento.

A Secretaría Xeral da Emigración financiará o custo deste programa con cargo á partida orzamentaria 04.50.312C.226.07.- Actuacións derivadas da Lei de galeguidade, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011. O importe total destinado para este fin será por unha contía de 398.000 euros, que poderá ser incrementado nos supostos previstos no artigo 31º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 30º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Esta convocatoria realízase a través do procedemento de tramitación anticipada previsto no artigo 25º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 11/2007, de subvencións de Galicia e da Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. No proxecto de orzamentos para a Comunidade Autónoma de Galicia para 2011, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, existe crédito suficiente na aplicación orzamentaria para atender as axudas convocadas.

Artigo 5º.-Desenvolvemento e aplicación.

O secretario xeral da Emigración poderá ditar todas as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta convocatoria e das súas bases reguladoras.

Artigo 6º.-Réxime de recursos.

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2010.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

ANEXO I Bases reguladoras

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta resolución ten por obxecto convocar as axudas correspondentes ao programa de actividades de campamentos e campos de traballo para o ano 2011 que ten por finalidade facilitar á mocidade da Galicia exterior o contacto coa realidade galega e o encontro cos seus familiares. As axudas reguladas nestas bases terán a consideración de axudas en especie segundo a disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás o establecido no artigo 2º.7 desta resolución.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios deste programa os mozos e mozas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter residencia habitual fóra de Galicia.
- b) Ter nacido en Galicia ou ser descendente de galego ata o segundo grao de consanguinidade.
- c) Ter nacionalidade española.
- d) Atoparse vinculado con calquera concello galego no censo electoral de residentes ausentes, para aqueles solicitantes que teñan 18 ou máis anos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- e) Ter unha idade entre 14 e 20 anos, o 30 de xuño do ano da convocatoria, para os participantes en actividades de campamento.
- f) Ter unha idade entre 18 e 30 anos, o 30 de xuño do ano da convocatoria, para os participantes en campos de traballo.
- g) No caso dos solicitantes de actividades de campamentos non ter participado en edicións anteriores nesta modalidade.
- h) No caso de solicitantes en campos de traballo non ter participado en edicións anteriores na modalidade de campos de traballo.
- i) Para as prazas financiadas ao 100% da axuda do custo da viaxe, a unidade económica familiar destes solicitantes, non debe contar con ingresos superiores, en renda *per capita*, a 2.5 veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente, de referencia para o ano da convocatoria, do país de residencia do solicitante, e os solicitantes residentes en Cuba, os ingresos non poderán ser superiores á prestación económica por ancianidade establecida polo Estado español para o ano da convocatoria.
- j) Para os solicitantes que opten a prazas financiadas ao 50% da axuda de custo da viaxe, poderán

superar os límites de ingresos establecidos no punto anterior.

Artigo 3º.-Solicitudes e documentación.

1. Os solicitantes deberán presentar, no prazo indicado na convocatoria anual correspondente, solicitude conforme o modelo oficial que figura como anexo A desta resolución, optando unicamente por unha das modalidades (campamentos ou campos de traballo), acompañado da seguinte documentación:

a) Fotocopia do pasaporte ou DNI do solicitante: os solicitantes que estén en posesión de DNI poderán prestar o seu consentimento expreso para que a Secretaría Xeral da Emigración comprobe por medio de acceso telemático a verificación dos seus datos de identidade, segundo o modelo que conste na propia solicitude. Para o caso de que non presten este consentimento deberán presentar fotocopia DNI e para aqueles solicitantes que non estean en posesión de DNI deberán presentar fotocopia do pasaporte.

b) Documentación acreditativa do nacemento en Galicia ou ascendencia galega ata o segundo grao de consanguinidade que inclúa documentación acreditativa do parentesco cando proceda.

c) Unha fotografía tamaño carné.

d) Certificación consular do solicitante, para acreditar a nacionalidade española e a inscrición no Rexistro de Matrícula como residentes, se estes extremos non quedan debidamente acreditados polo pasaporte.

e) Certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos brutos, rendas ou pensión de calquera natureza que perciba o interesado e/ou membros da unidade económica familiar (ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade). No caso de imposibilidade de presentar esta documentación, poderá constituír documentación suficiente unha declaración xurada responsable (modelo no anexo C). Para estes efectos, entenderase por unidade económica familiar cando o beneficiario conviva con outra persoa unida a el por matrimonio, por unión de feito, ou por lazos de parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao.

f) Certificado médico conforme o modelo oficial que figura como anexo D, de non padecer enfermidade infecto-contaxiosa e de ser apto para participar, con normalidade, en actividades recreativas e deportivas.

g) Declaración do beneficiario do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas por outras Administracións para a mesma actividade. A obtención desta axuda é compatible con outras para o mesmo fin, sen que, en ningún caso, a suma das axudas obtidas supere o 100% do custo da actividade. Declaración responsable conforme o solicitante está ao día nas súas obrigacións tributarias estatais e autonómicas, e

da Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa comunidade autónoma.

h) Modelo anexo C, no que consten o número total de membros que compoñen a U.E.F. Aqueles membros que convivan co solicitante e non teñan ingresos económicos deberán xustificalo (certificación negativa do ANSES para os maiores de 18 anos) ou se non é posible, deberán entregar unha declaración xurada de que non perciben ingresos de ningún tipo.

Os solicitantes que foron admitidos a sorteo no último ano da convocatoria non terán que presentar a documentación das letras: a), b), d).

2. Os solicitantes deberán achegar debidamente cuberto o anexo B desta resolución, no que debe figurar:

a) Preferencia para o regreso en función da quincena en que vai participar.

b) Autorización para viaxar sós, asinada polos pais ou titores legais, para os menores de idade.

c) Unha autorización asinada polos pais ou titores legais para os participantes menores de idade que desexen quedar coa súa familia en Galicia ao rematar a actividade, indicando os datos dos familiares responsables que se farán cargo destes menores de idade.

Artigo 4º.-Tramitación, procedemento e réxime de concesión.

1. A ordenación e instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral de Programas Sociais.

2. Expirado o prazo de presentación de solicitudes e comprobado que as solicitudes reúnen os requisitos establecidos de conformidade coas bases anteriores, elaboraranse listas provisionais de admitidos e excluídos por países, sinalando as causas de exclusión. Estas listas serán publicadas no prazo máximo de 40 días desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<http://www.galiciaaberta.com>), e tamén estarán expostas nos taboleiros de anuncios das entidades colaboradoras citadas no artigo 3º.2.

3. Os interesados disporán dun prazo de dez días hábiles desde o día seguinte a publicación na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración das listas provisionais (<http://www.galiciaaberta.com>) para formular as alegacións que consideren oportunas e para emendar a solicitude. Transcorrido ese prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase desistido da súa petición, e procederase ao arquivo nos termos establecidos no artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Transcorrido este prazo elaboraranse as listas definitivas de admitidos e excluídos que se publicarán na páxina web da Secretaría Xeral da Emigra-

ción (<http://www.galiciaaberta.com>) e tamén estarán expostas nos taboleiros de anuncios das entidades colaboradoras citadas no artigo 3º.2.

5. Nas actividades de campamento, elaborada a relación de admitidos e excluídos, e no caso de que o número de admitidos fose superior ao de prazas convocadas, a selección final de beneficiarios realizarase por sorteo público, axustándose o número de prazas ofertadas para cada país en cada modalidade de participación, de quedar prazas sobrantes dunha modalidade nunha quenda, asignaranse a outra modalidade da mesma quenda do mesmo país de existir crédito, e as prazas que queden vacantes á vista da relación anterior, distribuiranse proporcionalmente entre aqueles países que teñan un maior número de solicitudes admitidas en relación ás prazas ofertadas, e no correspondente tramo de idade, ata un máximo dun 25% do total das prazas.

Publicada a relación definitiva de beneficiarios na páxina web desta secretaría xeral www.galiciaaberta.com, os interesados que quixeran modificar as dúas datas de retorno, disporán de 10 días naturais para modificalas, non sendo admisible ningún outro cambio a partir desa data, agás causas de forza maior ou debidamente causas xustificadas e autorizadas pola Secretaría Xeral da Emigración.

6. Os participantes en campos de traballo en anteriores convocatorias, non poderán solicitar actividades de campamentos, quedando automaticamente excluídos se as soliciten.

7. No caso dos campos de traballo terán preferencia na selección aqueles solicitantes que non participaran anteriormente en actividades de campamento. Se o número de solicitudes admitidas que cumpren esta condición (non ter participado) fose inferior ao número de prazas convocadas, serán seleccionados sen necesidade de sorteo público, procedendo a sortear as prazas restantes entre aqueles solicitantes admitidos que xa participaran nas actividades de campamentos.

No caso de que o número de solicitudes admitidas que non participaran con anterioridade en actividades de campamentos sexa superior ao número de prazas convocadas, será necesario o sorteo para proceder á súa selección.

As prazas de campos de traballo adxudicadas aos beneficiarios que figuran no anexo III da resolución, distribuiranse tendo en conta a quenda e o tramo de idade.

8. En ambos os dous casos, os non seleccionados no sorteo, pasarán a unha lista de reservas e pola orde resultante do sorteo, e poderán substituír a aqueles seleccionados que renuncien á praza, nas condicións que determine a Secretaría Xeral da Emigra-

ción, para non prexudicar o normal desenvolvemento do programa.

9. Aqueles solicitantes que foron seleccionados no ano anterior a da convocatoria para o programa de actividades de campamentos e campos de traballo e que non chegaron a viaxar sen xustificar previamente a súa ausencia, considerarase como se participaron na última convocatoria.

Artigo 5º.-*Comisión avaliadora.*

1. A ordenación e instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral de Programas Sociais e ademais crearase unha comisión de avaliación presidida polo subdirector xeral de Programas Sociais ou persoa en que delegue, e composta polos seguintes membros:

-O xefe do servizo de Acción Socio-Cultural, ou persoa en quen delegue.

-Un/unha funcionario/a da unidade que actuará como secretario/a.

2. Para as solicitudes presentadas en Arxentina e Uruguai crearanse comisións de avaliación, presididas polos delegados da Xunta de Galicia en Bos Aires e Montevideo respectivamente. Para as solicitudes presentadas en Brasil, Cuba e Venezuela poderase crear comisións de avaliación, presididas por un funcionario técnico da Secretaría Xeral da Emigración. Estas comisións estarán compostas por técnicos das delegacións, se é o caso, e por membros dos centros galegos de cada país como representantes das comunidades galegas e coñecedoras da realidade social na que residen, viven e se desenvolven os solicitantes. Estas comisións avaliarán as solicitudes tendo en conta o previsto no artigo 2º e 3º das bases reguladoras.

3. Os expedientes, que non fosen avaliados polas comisións mencionadas no artigo 5º.2 serán avaliados pola comisión de avaliación indicada no artigo 5º.1 tendo en conta o previsto no artigo 2º das bases reguladoras.

4. Se algunha das comisións de avaliación citadas así o estimase, poderá encargar informes socio-ambientais, que serán realizadas por profesionais titulados, que comproben a veracidade dos datos achegados nas solicitudes debendo os resultados obtidos, ser tidos en conta na avaliación das correspondentes solicitudes.

5. Os expedientes serán avaliados polas comisións segundo os criterios de valoración establecidos nas bases do programa. Posteriormente a comisión de avaliación presidida polo/a subdirector/ra xeral de Programas Sociais, ou persoa en quen delegue, e composta polo xefe/a servizo de Acción Sociocultural e un/unha funcionario/a da unidade que actuará como secretario/a, elaborará unha proposta de concesión que se elevará por parte do órgano instructor

ao/a secretario/a xeral da Emigración, para a súa resolución.

6. Unha vez realizada a selección de beneficiarios por sorteo, o secretario xeral da Emigración ditará as resolucións oportunas e publicarase na páxina web www.galiciaaberta.com a relación de beneficiarios.

7. O prazo máximo para resolver será de cinco meses, que comezará a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 23º.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

8. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no caso de resolucións expresas, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 6º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Con carácter xeral, os adxudicatarios das prazas convocadas por esta resolución quedan obrigados a someterse aos requisitos legais e regulamentarios que recolla a normativa xeral de aplicación ás axudas e subvencións da Xunta de Galicia, en concreto ás recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve, coas peculiaridades establecidas na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no artigo 3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve.

2. Os adxudicatarios das prazas quedan obrigados a respectar as normas de réxime interior dos campamentos e albergues.

3. No caso de baixa ou renuncia ao programa, os beneficiarios deberán comunicar por escrito á Secretaría Xeral da Emigración, cunha antelación de 15 días antes da viaxe, a causa da renuncia. No caso de que non comunicaran a súa baixa ou renuncia con antelación á viaxe, poderán ser penalizados con non ser beneficiarios de edicións futuras do programa.

4. Os solicitantes deberán formalizar a epígrafe de declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma actividade, de acordo co modelo que figura na solicitude.

5. Os solicitantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios e no Rexistro Público de Sancións, creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro do que será responsable a Consellería de Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Salvo nos casos sinalados no artigo 9º.4 do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

6. De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Emigración publicará na súa páxina web www.galiciaaberta.com a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude comporta a autorización para o tratamento necesario de datos dos beneficiarios e da súa publicación na páxina web www.galiciaaberta.com.

Artigo 7º.-*Xustificación da subvención para os participantes procedentes de España.*

Para o suposto previsto no artigo 2º.7 da resolución desta convocatoria o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación:

a) Declaración responsable asinada pola persoa beneficiaria da axuda do cumprimento da finalidade para a que foi concedida e medio de transporte utilizado.

b) No suposto de utilizar transporte público deberá presentar o correspondente billete e recibín do proveedor de conformidade co establecido no artigo 42º.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) No suposto de utilizar vehículo propio deberá declarar e xustificar o seu lugar de residencia e a distancia ata o lugar da celebración do programa.

A devandita xustificación deberá presentarse no prazo de dous meses desde a finalización do programa.

Artigo 8º.-Concurrencia de axudas, seguimento, modificación da resolución.

1. As axudas outorgadas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outra axuda que lle puidese ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concurrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que vai levar a cabo o beneficiario.

2. A Secretaría Xeral da Emigración levará a cabo a función de control, avaliación e seguimento das axudas concedidas ao abeiro desta resolución. Para realizar as devanditas funcións poderán utilizarse cantos medios estean á disposición da Secretaría Xeral da Emigración para comprobar os requisitos exixidos nas bases e na correspondente convocatoria anual e demais normas vixentes que resulten de aplicación, para o cal os beneficiarios das axudas reguladas nesta resolución prestarán toda a colaboración que lles sexa requirida.

3. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas, podendo a secretaría xeral adoptar a resolución de modificación ou revogación da concesión que corresponda.

Así mesmo, estarán na obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lles sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ao Consello de Contas e Tribunal de Contas, no exercicio da súa función de fiscalización e control do destino destas axudas.

4. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora, nos casos e nos termos previstos no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

5. O secretario xeral da Emigración poderá ditar todas as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta convocatoria e das súas bases reguladoras.

Artigo 9º.-Recursos.

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de

Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO II

A asignación do número de prazas en actividades de campamento queda fixada para o ano 2011 do seguinte xeito:

País	14-17 anos		18-20 anos	Total
	1-12 xullo 100%-50%	17-28 xullo 100%-50%	17-28 xullo 100%-50%	
Arxentina	16/16	20/20	36/36	144
Brasil	0	8/8	7/7	30
Cuba	0	0	3/3	6
Uruguai	15/15	11/11	11/11	74
Venezuela	10/10	10/10	7/7	54

País	14-17 anos		18-20 anos	Total
	1-12 xullo	17-28 xullo	17-28 xullo	
Resto de América	6/6	4/4	2/2	24
Europa e España	1/1	1/1	0	4

Total xeral	96	108	132	336
-------------	----	-----	-----	-----


ANEXO III

Asignación das prazas en campos de traballo:

Instalación	Modalidade	Data	Idade	Prazas
Campo de traballo Rois (A Coruña)	Arqueoloxía	16-30 xullo 2010	18-24	5
Campo de traballo Fisterra (A Coruña)	Animac. sociocult.	2-16 agosto 2010	25-30	5
Campo de traballo Palas de Rei I (Lugo)	Animac. sociocult.	17-28 xullo 2010	18-24	5
Campo de traballo Palas de Rei II (Lugo)	Animac. sociocult.	2-13 agosto 2010	18-28	5
Campo de traballo en Ourense	Social	2-16 agosto 2010	18-24	5
Campo de traballo Illas Cíes I-Vigo (Pontevedra)	Ambiental	2-13 xullo 2010	18-24	5
Campo de traballo Illas Cíes II-Vigo (Pontevedra)	Ambiental	16-27 xullo 2010	25-30	5
Campo de traballo Illas Cíes III-Vigo (Pontevedra)	Ambiental	2-13 agosto 2010	18-24	5

A repartición das prazas de campos de traballo por países e tramos de idade será o seguinte:

País	18-24 anos	25-30 anos	Prazas totais
Arxentina	7	4	11
Brasil	4	2	6
Cuba	3	1	4
Uruguai	6	2	8
Venezuela	4	1	5
Resto América	6	0	6



FOTO

[illegible]

FAMILIARES MÁIS PRÓXIMOS EN GALICIA (imprescindible cubrir para aqueles que soliciten un retorno 2 ou 3)

APELIDOS	NOME	PARENTESCO	ENDEREZO	TELÉFONO

☐ Autorizo a Secretaría Xeral da Emigración, de conformidade co artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Administracións Públicas.

Asdo. o solicitante ou representante:

O/a solicitante autoriza a persoa habilitada para o efecto, do centro coordinador sinalado a continuación, segundo área de residencia, para presentar esta solicitude a través do **Rexistro Telemático da Xunta de Galicia**:

En Brasil:

- ☐ Peña Gallega de Casa de España (Río de Janeiro)
- ☐ *Real Sociedad Española de Beneficiencia* (Salvador-Bahía)
- ☐ *Sociedade Hispano Brasileira de Socorros Mutos e Instrução* (São Paulo)
- ☐ *Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalia de Castro* (Santos)

En Cuba:

- ☐ Federación de Sociedades Galegas (Cuba)

En Venezuela:

- ☐ Hermandad Gallega de Venezuela (Caracas)

DECLARACIÓN DO BENEFICIARIO DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA ACTIVIDADE

Quen abaixo asina declara que, nas datas e polos importes que a seguir se relacionan, presentou solicitude/s e foille/fóronlle concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axudas para o mesmo fin:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		IMPORTE (EN €)	
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	SOLICITADO	CONCESIÓN ⁽²⁾

⁽¹⁾ No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna

⁽²⁾ Nas solicitudes denegadas fírase constar 0 nesta columna

No caso de non ter realizada solicitude de axuda para o mesmo fin, marcarase o seguinte recadro E ASINARÁ ESTA PÁXINA O/A BENEFICIARIO/A DA SOLICITUDE OU A PERSOA QUE O/A REPRESENTA

- ☐ O/A RESPONSABLE DA SOLICITUDE NON TEN SOLICITADA NIN, EN CONSECUENCIA, CONCEDIDA AXUDA NINGUNHA PARA A MESMA FINALIDADE POR NINGUNHA DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

AUTORIZACIÓN

COMO RESPONSABLE O

CONFIRMAMOS A AUTENTICIDADE DOS DATOS DESTA

SOLICITUDE.

SINATURA DO PAI

SINATURA DA NAI

DECLARO SEREN CERTOS TODOS OS DATOS MENCIONADOS NESTA SOLICITUDE

_____, de _____ de 2011.

Asinado:

Nome e apelidos do solicitante ou persoa que o representa

Secretario xeral da Emigración



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Emigración

ANEXO B/2011

DATOS DO SOLICITANTE NOME E APELIDOS	DATOS DO PAI OU TITOR LEGAL NOME E APELIDOS	DATOS DA NAI OU TITORA LEGAL NOME E APELIDOS

QUENDA DE PREFERENCIA PARA VIAXAR: (a preferencia non quere dicir que sexa seleccionado para esa quenda. Só consignarán os solicitantes de actividades de campamentos)

☐ 1ª quincena de xullo

☐ 2ª quincena de xullo

NO CASO DE NON SER SELECCIONADO NA QUENDA SOLICITADA, ESTARÍA DISPOSTO A VIAXAR NOUTRA QUENDA:

☐ SI ☐ NON

PREFERENCIA PARA O REGRESO (SINALAR UNHA OPCIÓN EN CADA QUENDA):

NO CASO DE PARTICIPAR NA PRIMEIRA QUINCENA DE XULLO (actividades de campamentos e campos traballo) ☐ 1. O solicitante debe regresar necesariamente ao rematar a actividade. ☐ 2. O solicitante desexa quedar unha quincena coa súa familia en Galicia logo de rematar a actividade. ☐ 3. O solicitante desexa quedar un mes coa súa familia en Galicia logo de rematar a actividade.	NO CASO DE PARTICIPAR NA SEGUNDA QUINCENA DE XULLO (actividades de campamentos e campos de traballo) ☐ 1. O solicitante debe regresar necesariamente ao rematar a actividade. ☐ 2. O solicitante desexa quedar unha quincena coa súa familia en Galicia logo de rematar a actividade. ☐ 3. O solicitante desexa quedar un mes coa súa familia en Galicia logo de rematar a actividade.
NO CASO DE PARTICIPAR NA PRIMEIRA QUINCENA DE AGOSTO (só campos de traballo) ☐ 1. O solicitante debe regresar necesariamente ao rematar a actividade. ☐ 2. O solicitante desexa quedar unha quincena coa súa familia en Galicia logo de rematar a actividade. ☐ 3. O solicitante desexa quedar un mes coa súa familia en Galicia logo de rematar a actividade.	

AUTORIZACIÓNS PARA CUBRIR PARA TODO SOLICITANTE MENOR DE IDADE:

COMO RESPONSABLE/S -REPRESENTANTES LEGAIS- DO NOSO/A FILLO/A, DAMOS A NOSA AUTORIZACIÓN PARA VIAXAR SÓ/A A GALICIA E PARA A SÚA ASISTENCIA Á ACTIVIDADE DE CAMPAMENTO SOLICITADA, DO PROGRAMA DA SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN. _____, de _____ de 2011. SINATURA DO PAI OU TITOR SINATURA DA NAI OU TITORA	
---	--

AUTORIZACIÓNS PARA QUEDAR COA SÚA FAMILIA UNHA VEZ REMATADO O PROGRAMA

COMO REPRESENTANTES LEGAIS DE NOSO/A FILLO/A MENOR DE IDADE, AUTORIZÁMOLO/A PARA QUEDAR COA NOSA FAMILIA EN GALICIA UNHA VEZ REMATADO O PROGRAMA. AUTORIZAMOS A/S PERSOA/S QUE A CONTINUACIÓN SE RELACIONAN PARA QUE, AO REMATAR O PROGRAMA, O RECOLLAN DA INSTALACIÓN FINAL QUE LLE PUIDESE CORRESPONDER. ACEPTAN AS CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN EXPOSTAS NA CIRCULAR INFORMATIVA DO PROGRAMA DO ANO 2010, E ASÍ MESMO AS RESPONSABILIDADES XUNTO COA NOSA FAMILIA EN GALICIA REFERIDAS Á ESTADÍA E REGRESO DE NOSO/A FILLO/A UNHA VEZ REMATADA A ESTADÍA NAS INSTALACIÓNS DOS CAMPAMENTOS.					
NOME E APELIDOS	PARENTESCO	ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
_____, de _____ de 2011. SINATURA DO PAI OU TITOR SINATURA DA NAI OU TITORA					

ANEXO C

DECLARACIÓN XURADA RESPONSABLE (art. 3º.1 e)

Declaro baixo xuramento que os ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciben anualmente os integrantes da unidade económica familiar (o/a beneficiario/a, os pais, os avós, os irmáns e cuñados) en que convive (nome do solicitante do campamento ou de campo de traballo)

son os que a seguir se detallan:

<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>PARENTESCO CO SOLICITANTE</i>	<i>DNI n° ou PASAPORTE</i>	<i>INGRESOS BRUTOS ANUAIS (en moeda do país)</i>	<i>En concepto de (soldo, xubilación, rendas...)</i>

TOTAL

RESUME:

INGRESOS TOTAIS ANUAIS (Brutos)	
--	----------------------

Sinatura:

Aclaración:

DNI ou pasaporte:

*Nota: os ingresos serán sempre brutos e en moeda do país de residencia.

ANEXO D
INFORME MÉDICO

DATOS DO FACULTATIVO

Don/dona

Centro asistencial ou entidade en que presta servizos:

Nº de colexiado, matrícula ou similar

INFORMO:

Que Don/dona

DNI ou núm. pasaporte

Non padece enfermidade infecto-contaxiosa e é apto para participar, con normalidade, en actividades recreativas e deportivas, así como para realizar unha viaxe de longa duración.

O/a paciente debe seguir o seguinte tratamento:

Alerxias:

OBSERVACIÓNS:

DATA:

de

de

.